

MARÍA DE LA HUERTA
A CORUÑA

O tándem formado pola Federación Galega de Dano Cerebral Adquirido (Fegadace) e a Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais da Universidade de Santiago (USC) vén de ser galardoado na terceira edición dos Premios de Innovación en Saúde, impulsados pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), entidade adscrita ao Servizo Galego de Saúde (Sergas), grazas ao proxecto titulado *A saúde oral, garantía do benestar das persoas con dano cerebral adquirido*. Un “recoñecemento para todo o movemento asociativo, moi positivo e ilusionante”, segundo resalta Begoña Hermida, directora da Fegadace, organización integrada por cinco asociacións de dano cerebral adquirido (DCA) de referencia en Galicia, entre elas, a coruñesa Adaceco.

“Este proxecto botou a andar en 2019, cando empezamos a compartir ideas coa Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais da USC, que leva máis de vinte anos intervindo co colectivo do dano cerebral e con outras discapacidades, sobre todo, do ámbito cognitivo e intelectual. A colaboración con este equipo da universidade santiaguesa, capitaneado por Pedro Diz, xurdiu despois de que Fegadace concedéselles o premio Miguel Blanco, en 2018, polo traballo asistencial que viñan realizando con usuarios das nosas cinco entidades. A partir de aí, empezamos a pensar en desenvolver actividades que fosen máis alá do ámbito asistencial, que é imprescindible. Queríamos enfocarnos, sobre todo, na formación dos profesionais implicados nesa atención —hixienistas bucodentais, orais e odontólogos, tanto en activo, como estudantes universitarios— e na sensibilización para previr determinados problemas de saúde bucodental”, explica Hermida, quen especifica que a iniciativa que vén de ser premiada polo Sergas naceu co obxectivo de “incidir en catro necesidades detectadas”.

“A desatención á saúde oral que as persoas con dano cerebral adquirido teñen por parte do sistema, que é unha realidade; as complicacións engadidas de saúde oral que os membros dese colectivo teñen a raíz das súas secuelas, sobre todo, das comunicativas, cognitivas e orgánicas; a necesidade de intervir para mellorar o coidado da súa

A saúde oral accesible ten premio

A “innovación” do tándem formado pola Federación Galega de Dano Cerebral Adquirido e a Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais de Santiago, galardoada polo Sergas



Profesionais da Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais da Universidade de Santiago (USC), durante o seu labor asistencial, no marco do proxecto coa Fegadace. // Cedida pola Fegadace

hixiene dental e da súa saúde oral en función do seu grado de autonomía, e de traballar coas persoas cuidadoras, e cos profesionais sanitarios, nesta mesma liña; e, sobre todo, a necesidade de sensibilizar á poboación ao respecto da prevención do dano cerebral adquirido é o ictus. E cada vez hai máis evidencia científica de que, por exemplo, unha enfermidade periodontal crónica implica dobre probabilidade de padecer un accidente cerebrovascular dese tipo, igual que algunha outra doenza cardiovascular”, sinala.

Coa finalidade, precisamente, de promover a prevención, “leváronse a cabo varias actividades” no marco deste proxecto colaborativo entre a Fegadace e a Unidade de Odontoloxía para persoas con necesidades especiais da USC. “Fixose unha campaña, que se desenvolveu en redes so-

ciais; organizáronse sesións informativas; distribuíronse trípticos sobre hábitos a ter en conta para previr a enfermidade periodontal, recalcando a mensaxe de que esta doenza duplica a probabilidade de ter un ictus, que non é algo tan extendido entre a poboación; e editáronse materiais e cuñas, en formato cápsula e vídeo, que están publicados nas páxinas web da Fegadace e da unidade da USC, e que se empregan en todas as sesións que facemos, desde a federación, cos diferentes colectivos”, apunta Begoña Hermida, con respecto ás “actividades dirixidas á poboación en xeral”.

Formación para persoas cuidadoras e profesionais

“Para as persoas con dano cerebral adquirido, cuidadoras e profesionais sociosanitarios”, continúa a directora da Fegadace, “organízanse obradoiros prácticos, que se levan a cabo nos centros das cinco asociacións federadas. En función do grao de autonomía de cada usuario, os profesionais da Unidade de Odontoloxía de persoas con necesidades especiais da USC desprázanse aos nosos centros e traballan, desde un punto de vista meramente práctico,

en técnicas de hixiene oral. E tamén se formou a auxiliares de enfermaría da nosa residencia de Vigo, porque, ás veces, estes coñecementos non están ben desenvolto nos currículos formativos. Non se pode profundizar en todos os ámbitos”, indica Hermida, e prosegue: “A maiores, editáronse dous trípticos con recomendacións en materia de saúde oral, dirixidos a persoas cuidadoras e a profesionais da odontoloxía. Neste último caso, o material distribuíuse nos colexios de odontólogos de Galicia, no de hixienistas dentais e na propia facultade de Odontoloxía da USC”.

Explica a directora da Fegadace que a Unidade de Odontoloxía de persoas con necesidades especiais da USC “non tiña unha páxina de internet que servise de repositorio de toda a información e o coñecemento que xera” e, neste sentido, “veulles xenial poder deseñar a súa web a través do proxecto” que acaba de ser galardoado polo Sergas. “Chámase

odontoloxia-accesible.org, e serve como repositorio de todo o coñecemento, o decálogo de recursos e as novidades que se van producindo en odontoloxía relacionadas co dano cerebral e outras discapacidades, porque a unidade da USC colabora, tamén con outros colectivos”, reitera Hermida, quen insiste en que, desde o primeiro momento, os promotores do proxecto tiveron “moi presente” que era “fundamental traballar na xeración de coñecementos e de recursos que quedasen aí, e que sexan adecuados e idóneos para a formación dos profesionais”. “Estamos a falar de pacientes con moitas dificultades de acceso a unha atención en saúde oral adecuada. Se xa é un ámbito complicado e delicado para a poboación en xeral, porque non sempre se pode acceder a el, para o colectivo das persoas con dano cerebral adquirido, aínda máis”, advirte.

Outro dos recursos “ao que se lle está dando moitísimo uso, e que aínda ten un amplo recorrido” no marco do proxecto, continúa, “son tres videotutoriais, utilizados na formación dos profesionais na propia facultade de Odontoloxía da USC”, sobre “como atender a unha persoa con dano cerebral independente e autónoma, e como facelo en casos de dependencia moderada ou severa”. “Os vídeos están protagonizados por usuarios das asociacións da Fegadace e foron gravados na facultade de Odontoloxía da USC, co cal é todo no ambiente adecuado”, apunta Begoña Hermida, quen avanza que “a idea é seguir, porque estas actividades aínda se están desenvolvendo, e tamén poder facer novos recursos que dean continuidade ao proxecto, e que vaian cambiando un pouco o enfoque dos que xa temos”.

“Por exemplo, unha das ideas que temos, por mor do premio do Sergas, é facer de novo videotutoriais, protagonizados por persoas con dano cerebral adquirido, pero xa sen a aparición de ningún profesional. Que eles mesmos informen e dean pautas so-

bre como intervir na súa saúde oral”, sinala Hermida. “Tamén queremos levar a cabo un curso máis amplo que as sesións informativas, de polo menos 8-10 horas, dirixido a profesionais do ámbito sociosanitario (por exemplo, ás técnicas dos servizos de axuda no fogar dos concellos, a auxiliares de diferentes ámbitos...) e específico de saúde oral e dano cerebral adquirido”, engade a directora da Fegadace, antes de incidir en que “queda moito por facer”. “Por iso, este proxecto continuará expandíndose”, avanza.

A iniciativa inclúe actividades que van máis alá do ámbito asistencial



BEGOÑA HERMIDA
DIRECTORA DA FEGADACE

Hai unha desatención á saúde oral no dano cerebral por parte do sistema

afaco
ASOCIACIÓN FAMILIARES ENFERMOS ALZHEIMER A CORUÑA

Tu enfermo cuenta contigo
Tú cuentas con nosotros

Parque de San Diego s/n. Centro Cívico-Bajo 15006-A Coruña
Tel: 981 20 58 58 -- contacto@afaco.es

ANUNCIO DE
PROCEDIMIENTO ABERTO

SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN COORDINACIÓN E REALIZACIÓN DUN CAMPAMENTO DEPORTIVO DURANTE O ANO 2023, CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00202

Prazo de execución: 19 de xuño de 2023 a 28 de xullo de 2023
Presuposto: 109.422,15 € IVE incluído

Información: Servizo de Patrimonio e Contratación. Perfil do contratante na Plataforma de Contratación do Sector Público en <https://contrataciondelestado.es>

Proposicións: Poderán presentarse na Plataforma de Contratación do Sector Público até o día 10 maio de 2023 ás 23:59 horas

O PRESIDENTE, Valentín González Formoso A SECRETARÍA XERAL, Amparo Taboada Gil.